Voces de Queempostela

Folleto Mensual de Información **Nº16, Novembro-1997** Editado polo Colectivo Gai de Compostela

Eleicións do 2-D

O vindeiro martes dia 2 de decembro o Colectivo Gai de Compostela celebrará unha asemblea extraordinária para elexer unha nova xunta. Especialmente importante será a renovación dos cargos de presidente e tesoureiro, nos que recai a responsabilidade económica da asociación. A primeira convocatória da asemblea é ás 20:30 e a segunda e definitiva ás 21:00. Se non podes vir á asemblea, lembra que podes enviar a tua candidatura ou voto por correo convencional ou electrónico. Participa!

Asisténcia masiva á festa

Máis de trescentas persoas acudiron o pasado 14 de novembro á festa que organizou o CGC e o CLI na discoteca "Factoria" e co patrocínio da tenda erótica "Afrodita". Isto supón un record de convocatória e confirma o bo momento polo que está a pasar a asociación. Ao final, na festa actuaron seis drag-queens que lle ofereceron ao público nove números diferentes. A máis de Penumbra González, Purita Casualidad e a Yeye, sumaron-se Hilária a Proibida, a Baronesa e Elvira a Galáctica. Sortearon-se dous consoladores e organizaron-se os xogos de costume. O CGC pensa organizar outra festa cara ao Entroido e pretende superar a sua capacidade de convocatória.

Novo parladoiro

Como en tempadas anteriores, o CGC decidiu comezar unha nova xeira de parladoiros-debate. Asi, o vindeiro 10 de decembro organizará-se un parladoiro sobre as "mariléndias", é dicer, as "amigas" dos gais, O local e hora do acto ainda están por concretar, pero o CGC xa se puxo en contacto co dono do "Modus Vivendi" e está a agardar por unha resposta. Se queres enviar textos ou suxestións para o debate utiliza o noso apartado de correos ou o buzón electrónico. Tamén podes pasar polo local no horário de permanéncias.

1 de Decembro: Dia da Sida

O Comité Cidadán Anti-Sida de Santiago ainda non concretou os actos que ha organizar para a semana do 1-D. O que si é seguro é que se han instalar mesas informativas na rua e que se organizarán conferéncias e unha festa. Hogano, o Comité Anti-Sida ten a intención de estender os actos do 1-D á zona nova de Santiago. Por outra banda, o pub "Currúncho" vai pasar unha série de filmes sobre a sida durante a primeira semana de decembro. O CGC ainda non decidiu liñas de colaboración en todos estes actos. Se tes ideas ou suxestións ao respeito pon-te en contacto co CGC através do correo ou pasando polo local.

Un pouco de história...

O CGC decidiu criar unha nova comisión de traballo para coñecer a história do movimento homosexual na Galíza. A primeira reunión da comisión será o vindeiro mércores 3 de decembro no local da asociación. A iniciativa xurdiu a partir do traballo que xa se comezou a desenvolver desde o colectivo gai coruñés "Mil-Homes", que xa lle solicitou ao CGC información e

documentación. Se queres aportar datos ou contar anécdotas ao respeito non deixes de escreber ao apartado ou ao enderezo electrónico. Tamén podes pasar polo local nas horas de permanéncia ou asistir ás reunións da comisión. As tuas vivéncias son valiosas!

Nova subvención

A Dirección xeral de Política Lingüística concedeu-lle ao CGC unha subvención de pouco máis de 100 000 pts. para apoiar a edición da revista *S'homos*, da que está a piques de sair o número 14. Este organismo governamental decidiu finalmente aumentar a subvención, xa que o pasado ano non chegara ás 80 000 pts. As subvencións de Política Lingüística valoran o labor que desde o CGC se está a desenvolver a prol da normalización do noso idioma. Ademais, permiten-lle ao *S'homos* depender menos da publicidade para o seu financiamento.

O proxecto do PP a trámite

Na derradeira semana deste mes de novembro aprobouse no Congreso d@s Deputad@s o trámite parlamentar do proxecto de lei do PP que pretende regulamentar o status xurídico das unidades de convivencia non casadas. O proxecto, que xorde como unha posíbel solución para equiparar os direitos das parellas de feito, é duramente criticada polas asociacións homosexuais. O proxecto non estabelece diferenza nengunha entre parellas de feito e outras unidades de convivéncia (tia/sobriña, avoa/neto, compañeir@s de piso, etc...) e impón un férreo e insuficiente contrato de unión civil para regulamentar a sua situación legal. De feito, as asociacións homosexuais ven neste proxecto unha escusa do governo para non recoñecer os direitos das parellas de feito. A actual conxuntura política no parlamento español fai prever que se aprobe esta iniciativa lexislativa e que Coalición Canária acabe retirando a sua.

Homo-videoteca na Coruña

Ghaiseta.- O colectivo gai da Coruña "Mil-Homes" está a conformar unha videoteca de temática homosexual con máis de 60 fitas. 4 filmes porno, dúcia e meia de documentais e algo máis de cincuenta filmes conforman a xa longa lista de títulos da videoteca homosexual, posibelmente a máis importante do noso país. Esta recompilación partiu de doazóns e de cópias feitas polos membros da asociación. Podes solicitar as fitas no café "Alfaiate" (na Pza. de España) entre as 19:00 e as 2:00 horas, agás os martes. O prazo de empréstito das fitas é dunha semana. Se queres obter unha lista de títulos escrebe a "Mil-Homes", apdo. 24/15080 A Coruña, ou pasa polo "Alfaiate" no horário sinalado.

Cartaces do CGC

Rematados os antigos cartaces de promoción do CGC, a asociación comezou a estudiar o financiamento dunha nova tirada. Tamén contactou cun profisional para que deseñe o novo cartaz, asi como cunha imprenta para obter unha estimación de gastos de edición. En princípio, o CGC conta con tirar 1.000 novos cartaces que serán pegados por toda a cidade durante o vindeiro ano. Se tes suxestións sobre posíbeis lemas e deseños contacta através do correo ou pasa polo local nos horários de costume.

Festa gai na Coruña

O vindeiro 17 de decembro o colectivo "Mil-Homes" vai organizar unha festa no café "Alfaiate". O CGC ainda descoñece a hora de comezo e as actividades que se han desenvolver na festa. Se queres máis información escrebe a "Mil-Homes", apdo. 24 /15080 A Coruña, ou pasa polo "Alfaiate".

Xa Sabes....

Escrebe ao apartado 191 /
CP 15780 Compostela
ou por e-mail: gaicompos@hotmail.com

ou....

Pasa polo noso local:
Rua Entremuros, nº 16, baixo
luns, mércores e xoves a partir das 20:30